

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2023/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivación: Cumprimento de prazos administrativos
Data	9 de FEBREIRO de 2023
Duración	Desde as 20:00 ata 21:00 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI



76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI
-----------	------------------------	----

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Expediente 820/2022. Subvencións solicitadas a outra administración

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González que comeza o Pleno explicando os puntos do presente Pleno e fai referencia á proposta de actuacións que serán presentadas á Deputación da Coruña. En concreto os membros coñecen a documentación e o que se plantexa neste primeiro punto do Plan único do POS 2023 son actuacións que ascenden aproximadamente 370.000€. Fai referencia ás diferentes actuacións da Proposta de Alcaldía do POS ordinario e desglosa de xeito breve cada unha das actuacións e o custe dos mesmos. E indica o previsto para o gasto corrente e como xa explicou na Comisión pertinente observase que se vai ter un gasto maior ao previsto en gasto de enerxía en vista do elevado custe e polo tanto fan referencia máis recursos así como un gasto adicional para a xestión da EDAR que tralo investimento feito vai a ter un mantemento continuo cun custo importante e por iso tamén temos que acudir ao gasto corrente.

En canto ao complementario as obras son actuacións de investimento en tódalas parroquias do Concello e fai referencia ás diferentes actuacións e as súas cuestións máis xerais e da contía das mesmas. Actuacións derivadas das escoitas dos diferentes grupos.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que aínda que o prazo de solicitudes para adherirse a este Plan comezou o día 12 sempre apretan os prazos e



tratándose deste expediente pode ser moi perigoso, xa que, require a aprobación do Pleno e se esta non fose aprobada quedarían sen marxe de manobra e os veciños neste caso quedarían sen os investimentos que lle corresponden.

Con relación ás actuacións referenciadas botamos de menos investimentos en saneamento na proposta feita no 2019 por este grupo e votada a favor por vostedes incluíanse actuacións neste senso e pon algún dos exemplos. O único que fixeron foi votar a favor e quedar ben diante dos veciños e acto seguido esquecéronse do seu compromiso e non tiveron a intención de incluílas en ningún plan.

Por outra banda, cando estaban na oposición fartáronse de criticar o emprego dos fondos do POS para gasto corrente e nunha intervención do seu Concelleiro o Sr. Ramos dicía textualmente que “unha cota substancial da subvención provincial se destine a gasto corrente, circunstancia que non parece moi adecuada se temos en conta que por unha banda as innumerables carencias en infraestruturas públicas é preciso atender e doutra banda que o Concello estea economicamente saneado”. Desta vez propoñen empregar 152.200€ para este fin polo que se o comparamos, que temos que pensar? Que o Concello non está saneado economicamente?

O Sr. Alcalde fíxonos saber que isto era debido a que tiñan necesidades orzamentarias novas e facíase preciso usar estes 153.000 € en decrecemento de executar outros investimentos. Preguntámonos se non se lles ocorreu pensar que se dotaran ao Concello dun orzamento anual que permitise distribuír os recursos en función das necesidades actualizadas ao ano natural poderían solventar estas necesidades sen precisar restar investimentos por ese valor. Pero vostedes consideran que non é a súa obriga facer un orzamento anual para xestionar a economía do Concello ata que se dean as condicións técnica e políticas.

En canto ao plan complementario volven a incorrer no mesmo proceder que en anos anteriores inflan artificialmente o volume de actuacións a incluír. As bases establecen que debe ser dun 25% e no caso de Outes sería de 432.722 € e ven sendo 108.000€. A Deputación recomenda incrementar esa porcentaxe pero ben seguro que non se refire a que vostedes superen en tres veces esa porcentaxe e cheguen ao 79,85% das chegas do 22/23. Porque o máis probable é que a Deputación non chegue a esa cantidade no reparto de fondos e esas actuacións van a quedar sen facer e iso vostedes sábemo. Polo tanto, parécenos que este proceder é vender fume aos veciños con investimentos que non se van a poder facer. Parécenos que crear faltas expectativas aos veciños e publicar nos medios de comunicación e redes sociais esa venda de fume non é unha maneira normal de proceder. Son vostedes o goberno das tres Fs: Fachada, Foto e Fume e estoy pensando que poderían agora que chega maio obsequiar aos veciños con outra F



a de Fóra do goberno de Outes.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que por desgraza achegámonos unha vez máis a un pleno extraordinario para a aprobación do POS 2023 sen ningunha negociación cos grupos da oposición pese que vostedes gobernan en minoría. Este é un Concello que ven lastrando en determinadas parroquias e lugares falta de investimentos que xa eran unha herdanza dos mandatos anteriores e parece que vostedes decidiron seguir na mesma tónica, gobernar beneficiando a determinados lugares e castigando a outros. Vostede fala dun reparto equitativo das obras do noso Concello e non sabemos que entende vostede por equitativo porque nalgúns lugares se cambian as beirarrúas por segunda vez en outras os veciños teñen que ir polas cunetas. Isto para nós non é unha novidade o feito de que non escoite á oposición. Atopámonos cunha serie de investimentos e fai referencia a cada un deles no que fai as apreciacións relativas a estas e nas que traslada que xa na Comisión fixeron certas apreciacións con relacións ás mesmas. Fai referencia a que no proxecto querían que incluía o acceso da praza do Bosque e que o Sr. González si se comprometeu na Comisión de servizos e queremos que conste en acta, en recoller dita mellora o que tamén pasa coa subida á costa da Grela nesta mellora da estrada máis que necesaria fan vostedes dous tramos, en dita comisión tamén se comprometeu a que toda a estrada ía ir de 5 metros e neste pleno facémoslle consta a necesidade dun enreixado na parte baixa da estrada.

En canto á estrada que vai dende Espiñeiro ata a Barreira, Sr. González xa lle dixemos que era necesario actuar nesta estrada e que urxía facelo polo volume de tráfico, polo servizo ás naves empresariais e porque hai un club deportivo e por iso é moito tráfico e é necesario actuar na mesma para o beneficio dos veciños e veciñas. En canto á Famelga fai unha mellora nun vial pero Sr. González foi revisar o investimento que fixo este Concello dende Rodeiro ata a Famelga? Porque é como se non o fixeran e xa o dixemos no seu momento, cando fagan actuacións fáganas dun xeito que sexa rendible.

Atopámonos con que temos que adicar unha partida para a renovación do alumado do Campo de Fútbol e outras instalacións deportivas. No seu momento este grupo xa plantexou porque estes alumados non se incluíron na subvención do IDAE, porque temos que adicar agora esa contía do POS para isto. Que fixeron para mellorar a eficiencia enerxética do noso Concello? Absolutamente nada como exemplo a piscina cunhas placas solares no teito que nunca funcionaron e que seguen sen funcionar e vostedes seguen sin mellorar esa instalacións. E tamén é teima a praza de caravanas e que é un servizo gratuíto que lle da vostede aos de fora e agora os veciños teñen que sufragar este tipo de gastos.



Sr. González estaría ben que escoitara non só aos grupos da oposición, que pasou con aquelas reunións parroquiais que facían vostedes onde recollían todas as necesidades que había nas distintas parroquias? En que quedaron?

Por último, unha recomendación saia un pouco máis do despacho adícase a coñecer o Concello que está gobernando e adícase a atender ás necesidades de cada un dos lugares e a priorizalas por necesidade e non pensando en resultados electorais.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o Sr. González vai ter sorte co Partido Socialista porque non imos criticar nada do que nos plantexa. Imos apoiar como facemos sempre todas e cada unha das obras presentadas no POS ordinario e adicional, porque sempre o fixemos dende que comezou vostede o mandato. Alégranos que neste que caso que as obras que se van a efectuar sopesaran vostedes dous actuacións que o Partido Socialista lle plantexou nunha última moción, como a finalización da Rúa da Capela na Serra de Outes e o cambio das luminarias do Campo de Fútbol e as do Pavillón da Serra. Non vou criticar as actuacións porque pensamos que son todas necesarias.

Toma a palabra o Sr. González que agradece as verbas e o apoio ao voceiro do Partido Socialista e tratamos de recoller as achegas dos distintos grupos. Sinalar que sobre os investimentos de saneamento alégrome que o PP agora se lembre do saneamento mentres que nos últimos anos de goberno estes brillaron pola súa ausencia e nós en tres anos renovamos a EDAR de Outes e Cando, a rúa Quintela Ousesende e algunha actuación máis. En total estamos falando de máis de 600.000€. En canto ao gasto corrente efectivamente pero hai que facer unha reflexión de que non é un gasto exclusivamente de ter ou non orzamento senón unha cuestión tamén de ingresos e gastos. O que pasa que os ingresos non medran na mesma medida que os gastos e témome que isto que estamos a propoñer vai ser algo recorrente. En canto ao Plan complementario que a Sra. Molinos indica que esta inflado, e si que é certo que en ocasións houbo actuacións que non se puideron realizar pero tamén lle lembro que neste ano 2022 finalmente o plan complementario superior en contía ao ordinario. Fai referencia ás catro Fs da Sra. Molinos e indica que eles non son soberbios pero e non somos uns fenómenos nós desexamos Ficar.

Con relación ás verbas do BNG non acabo de comprender e matizar que as luminarias non se podían meter, xa que, só era alumeadado público e en segundo lugar téñolle que facer unha precisión de que si que hai moitas necesidades e hai que priorizar, vostedes fixeron achegas e priorizaron pero non poden dicir que



nós non priorizaron pero vostede plantexou tres e vostedes priorizaron e entre as que priorizou non indicou a estrada de Espiñeira á Barreira. Creo que en xeral son obras necesarias e é importante que se inclúan.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que cando a eles se lles pediron achegas son realistas e o que non imos facer é pasar corenta obras necesarias senón que adaptámonos á realidade. As achegas que fixemos é verdade que están recollidas, fai referencia ás mesmas, e vostede comprometeuse a que farían melloras e indica as mesmas. En canto a resposta que acaba de dar si é certo que doen os oídos escoitar falar ao PP do saneamento porque está como está gracias ao seu goberno durante décadas. Temos estacións de bombeo que nunca funcionaron, EDAR un mantemento que agora ten que facer unha empresa privada que non nos gusta e por iso Sr. González busque a solución para que sexa o Concello de Outes os que se encarguen da mesma. Gobernar é a capacidade de ver o Concello de Outes en conxunto coas súas necesidades e problemáticas e potenciais que é a perspectiva que lle falta a vostede.

En canto ao saneamento creo que foi dende o primeiro ano de mandado que lle pedimos dende o BNG un plan integral do saneamento deste concello e aínda estamos agardando por el e seguen igual sen asumilo de xeito integral e era algo prioritario e urgente. Son lamentables as condicións nas que se deixou o saneamento no noso Concello polo goberno do PP. En canto ás luminarias das instalacións deportivas di que non poden entrar no IDAE, cremos que aceptar o primeiro non por resposta non vale hai que pensalas e igual que houbo que facer unha revisión da nova partida por detección de puntos pois vostede igual tiña que traballar un pouco máis e conseguir que con esa subvención si se conseguira o alumeadado das instalacións públicas, igual que o é un paseo.

O Sr. Alcalde indica que se as bases indican que ese tipo de iluminación non se poden incluír pois non se pode e hai que acollerse ao que se establecen nas bases. Temos que adaptarnos á realidade, as necesidades son infinitas e os recursos son escasos. Alégrome en calquera caso que vostedes fixeran unha proposta concreta e razoada e non inclúe moitas das cuestións que está a sinalar. No tema de saneamento nos últimos anos o PP non fixo practicamente nada.

ACORDO

Á vista da convocatoria das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS + 2023”, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 228, do 1 de decembro de



2022, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación €
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	152.881,32
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	152.881,32

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento Total €
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación núcleo dos Muiños e outro	98.177,98	0	0	0	98.177,98
Subtotal investimentos achega provincial 2023	98.177,98	0	0	0	98.177,98

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento Total €
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga	Total Concello	



			potable)		
Renovación alumeados deportivos Campo fútbol de Outes e outro	72.994,97	0	0	0	72.994,97
Ampliación da Humanización da Rúa da Capela e outro	103.438,25	0	0	0	103.438,25
Subtotal investimentos achega provincial 2022	176.433,22	0	0	0	176.433,22

- Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C. Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0

D.- Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello			
		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	152.881,32			
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	98.177,98			
	Achega 2022	176.433,22			
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023	0			
D- TOTAL	Achega 2023	251.059,30	0	0	0
	Achega 2022	176.433,22	0	0	0
	Préstamo 2023	0			
	TOTAL	427.492,52	0	0	0

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os



investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
Pavimentación viais en Outes	54.415,30		
Pavimentación acceso ao porto do Freixo e outros (Freixo)	52.485,73		
Pavimentación camiño de Tarás a Riba de Mar e outros	76.058,65		
Beirarruas na Lagoa (San Cosme) e outros	45.031,69		
Pavimentación viais de Lestelle (O Freixo)	49.575,72		
Beirarrúas no Cruceiro de Roo (Marxe dereita)	67.960,41		
TOTAIS	345.527,50 €		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da



Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

2.- Expediente 46/2023. Subvencións solicitadas a outra administración

Favorable	Tipo de votación
------------------	-------------------------

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González que fai referencia ás bases do POS adicional para gastos sociais e como xa se fixo para exercicios anteriores e fai referencia á proposta de acordo así como á contía. Desengrosa de forma breve as diferentes actuacións e servizos que se pretenden financiar con ditos fondos.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica neste punto aínda do seu enorme currículum de perda de subvencións, fai unha enumeración das diferentes perdas de subvencións. Polo ben dos veciños de Outes sería ben que non fosen vostedes os que tiveran que xustificar estas actuacións porque din vostedes que é unha proposta semellante ao de outros anos. O que nos gustaría é que o resultado non fose semellante ao de outros anos e que non houbera esta perda de cartos.

Sorpréndenos que un ano máis non adiquen nada de fondos deste plan da Deputación para reforzar os servizos sociais do Concello ampliando persoal técnico ou administrativo e apoiar así aos traballadores que están a facer un gran esforzo para as persoas máis vulnerables para o noso Concello que é a quen vai dirixido este Plan.



Quixéramos puntualizar que albergamos certas dúbidas en canto a validez de uso de fondos deste POS adicional 2023 para financiamento de gastos sociais extraordinarios na utilización do reforzo do pago dos salarios do persoal da Escola Infantil e non entendemos que poida estar incluído. Gustaríanos saber se o Goberno preguntou ou fixo algunha consulta ao respecto ante o órgano xestor.

Consideramos que toda axuda que poida paliar e beneficiar ás necesidades dos veciños máis desfavorecidos social e economicamente sempre será benvinda e é responsabilidade do goberno que eses recursos cheguen a quen máis o necesita.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que en canto ao gasto social dicir que unha vez máis é unha perda que o concello deixase de buscar as canles axeitadas para poder gastar no ano anterior toda a partida e é ben triste que haxa que devolver unha contía de case 40.000€ e que teñamos problemas para que algúns rapaces e xente maior teña problemas de mobilidade dentro do Concello. Se vostede entende que iso non é axudar as persoas vulnerables e non debe intentar xestionar esas partidas como gasto social mal imos.

Entre oos puntos que trata dito proxecto fala de 15.000€ para reforzo dos servizos e reforzo do respiro familiar e preguntaba na Comisión porque adicaban esta contía e díxonos que era para axudar a aquelas familias que non puideran pagar a escola infantil. Tendo en conta que as escolas infantís este ano son gratuítas foi vostede quen nos tiña que dicir que era para incrementar as novas contratacións cando se abra a escola infantil.

Non nos parece mal todo o que sexa reforzas os servizos sociais do noso Concello o que si xa non nos parece tan ben é o feito de que na partida de ampliar a partida de axuda a domicilio pensa crear un servizo de fisioterapia a domicilio. Sr. González xa lle dixemos cando decidiu adicar unha partida para o almacenamento do material necesario para persoas dependentes, esas partidas están cubertas por outras administracións e organismos. Quizás polo que fai referencia á fisioterapia e hospitalización a domicilio igual tiña que pensalas por outras canles e non nas partidas que se destinan a gasto social que si as debería incluír en cuestións como a mobilidade dentro do propio Concello.

Agradecemos o feito de que se inclúan 4.000€ en axudas económicas para os gastos de consumo enerxético de aquelas familias máis vulnerables que non o poden asumir. Obviamente cremos que é patente o feito de que a subida do prezo da luz está a poñer en serios apretos a moitos veciños e veciñas do noso



Concello e a moitos dos nosos fogares. Os 4.000€ pouco van chegar pero benvidos sexan.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que volve a ter sorte co Partido Socialista, xa que, se apoiamos as obras como acabamos de facer imaxine o que este partido vai facer pola xente que está en apuros. Falamos de axudas no consumo enerxético para persoas en emerxencia social, de ampliar a axuda ao domicilio, de axudas á accesibilidade e para este partido a xente de Outes é o máis importante do noso Concello e non imos facer ningunha consideración máis e simplemente aplaudir sen dúbida o Plan da Deputación e axudaremos en todo o que podamos.

Indica o Sr. González que non ten moito máis que engadir, a proposta xa foi exposta e teño que dicir que é certo que pouco a pouco a propia Deputación tamén por sorte con un proceso de aprendizaxe foi mellorando en colaboración cos Concellos a xestión dos mesmos porque boa parte daqueles fondos que se perderon en un deles tiña que ver coa rixidez para xustificalos. Agora hai maior flexibilidade e este axuda. Non comentarei moito máis aínda que si o que comentaba o BNG que servizos que ser prestan aquí os prestan outros organismos e xa o dixemos outra vez e dende o punto de vista da nosa área de servizos sociais non é así. Na teoría pode haber moitos servizos que prestan outra administración e na practica que non cheguen aos cidadáns ou porque os recursos non son suficientes ou accesibles. O que temos claro é que temos unha demanda e que este ano se cubriu coas atencións a esas demandas.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que non sabe se o Sr. Alcalde esqueceuse de responder sobre o que preguntou da partida destinada a pagar os posibles reforzos, baixas ou posibles enfermidades das persoas que traballan na escola infantil. Preguntamos porque queremos constatar de que están vostedes seguros de que se pode incluír nesa partida se vostedes tiveron algunha consulta co órgano xestor da Deputación porque nos preocuparía que non fose así dado o nome da partida do mesmo.

Toma a palabra o Sra. Suárez que indica que son coñecedores de que os recursos non chegaba a toda a poboación nin os recursos á hora da dependencia nin os recursos á hora da dependencia nin recursos axeitados iso é culpa dos recortes en sanidade dende a Xunta.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que dende servizos sociais fixeron as consultas pertinentes para incluír estas partidas e en principio non ten maior



problema.

ACORDO



228, do 1 de decembro de 2022

PROPÓN:

Que o pleno deste concello, adopte o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) "POS+ Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023

73.225,63 €



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN	ESTIMACIÓN	ESTIMACIÓN	PREVISIÓN DO	OUTROS
	DE GASTOS 2023	DO GASTO A INDICAR PÚBLICO OU PRIVADOS	DO GASTO A FINANCIAR PELO CONCELLO	IMPORTE A IMPORAR AO POS-ADICIONAL DO CONCELLO	RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO COMENTE	(A)	(B)	(C)=(A-B)	(D)	(E)=(C-D)
<p>1) Reforzo: ampliación do persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, ao fin de agotar os equipos actuais e/ou facilitar a atención urgente das peticións obxecto deste plan e axudar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>2) Importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais (PSMS), a parte vinculada a estas actividades.</p> <p>3) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas usuarias familiares en risco de exclusión social, entre as que se inclúen: persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adicción, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, sendo elas e as persoas ao seu cargo, carentes de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que carecen dos servizos sociais municipais.</p> <p>4) Axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p> <p>5) Ampliar servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	21.500,00 €	0	21.500,00 €	21.500,00 €	0,00 €
	41.500,00 €	5.000,00 €	36.500,00 €	36.500,00 €	0,00 €

Adaptar o modelo de análise de impacto que se presta no domicilio da persoa, como



o) Indicar el tipo de actividades a las que se aplicará el gasto corriente siempre que no superen o límite por entidad de 500.000 €.					
1) Ampliar o servicio de ayuda a domicilio en todas las modalidades, e	41.500,00€	5.000,00€	36.500,00€	36.500,00€	0,00 €



Alquiler a título de analogía naturaleza que se presta no domicilio de persona, como rehabilitación, pensión, asistencia, comedor social, etc.					
El importe no podrá ser destinado a cubrir el arqueo municipal ni Plan de Financiación de servicios sociales municipales (FPSS).					
Excepcionalmente el importe podrá destinarse a cubrir el arqueo municipal en servicios de ayuda a domicilio en modalidades de dependencia, incluido aquél que corresponde a horas no censadas.					
El importe de los servicios de ayuda económica para apoyo familiar e medidas de conciliación a personas que carecen de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura de sus necesidades, valoradas por los profesionales de los servicios sociales comunitarios.	15.000,00€	3.774,37€	11.225,63€	11.225,63€	0,00 €
El importe de los dispositivos de ayuda económica para la atención a personas con discapacidad que carecen de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura de sus necesidades, valoradas por los profesionales de los servicios sociales.			0,00 €		0,00 €
Otras medidas sociales de carácter extraordinario que son servicios sociales de entidades locales consideradas imprevisibles e urgentes para atender a personas especialmente vulnerables, y su desarrollo justificadas.			0,00 €		0,00 €
Alquiler de equipamiento técnico auxiliar para la atención de las personas que necesitan este material auxiliar para a su vida diaria cuando carecen de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura de sus necesidades; camas,			0,00 €		0,00 €



Además de todas, grías o cualquier otro material o instrumento valorado					
---	--	--	--	--	--



Subvenciones para asegurar a profesores de las necesidades urgentes.						
Subvenciones de rotas, grías e subvenciones sobre material de equipamiento valorado por los profesionales de servicio social.						
El fondo está destinado para las partes de consumo personal de personas (comensales o voluntarios, que comparecen en reuniones convocadas en base 12.1.1).						
PREVISTA GASTOS CORRIENTES						
Para financiar actividades que se realicen en el presente año.		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
GASTOS SOCIALES EXTRAORDINARIOS 2023						
INVESTIMIENTO		PREVISIÓN DE GASTOS (A)	ESTIMACIÓN DE GASTOS INGRESOS (B)	ESTIMACIÓN DEL GASTO A FINANCIAL FOLIO (C=A-B)	IMPORTE IMPUTADO A POS-ADICIONAL 2023 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS (E=C-D)
El subvencionado de equipamiento Servicio Social para la creación de un programa de atención de personas con discapacidad para a sus aldes desde centros de servicios sociales comunitarios.						
Subvenciones para asegurar a subvenciones de las necesidades urgentes, salarios de rotas, grías, e subvenciones sobre material de equipamiento valorado por los profesionales de servicio social.				0,00 €		0,00 €
El subvencionado de equipamiento para a o descomulgación de los programas de servicios sociales de los aldes que incluyen servicios de atención social municipal.						
SUBTOTAL GASTOS INVERSIÓN		0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIALES EXTRAORDINARIOS 2023		82.800,00 €	8.774,37 €	73.225,63 €	73.225,63 €	0,00 €
IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRIENTES					73.225,63 €	
IMPORTE SOLICITADO PARA INVERSIÓN: Equipamento					0,00 €	

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

Remata a sesión ás 21:00 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Sesión asinada para sesión (D)		
El importe solicitado para INVERSIÓN: Equipamento para el desdoblamiento de los servicios sociales municipales (E)		0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS-ADICIONAL 2023 (E + F + B)		73.225,63 €
2.- Facultar expresamente a Alcaldía para todo lo relacionado con tramitación e sesión do presente acordo e o correspondente expediente.		
En Ourense, na data que figura ao marxe,		
O alcalde		
Asdo. Manuel Corraliza López		
Documento asinado electronicamente		

